



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B SPR	Documento 10519I19MM	
Código de verificación  065O 0T3Y 0H5H 715B 0I7M	Expediente 105/2025/1520	
	Fecha 28-11-2025	

05_ANUNCIO SOBRE ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS E OUTRAS MODIFICACIÓNS NAS CONCESIÓNS INICIAIS DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO 2025/2026

A.- ANTECEDENTES

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 129 do 05/07/2024), aprobou o 12/03/2025 a *convocatoria para o pagamento de comedores escolares para o curso escolar 2025/2026, por un importe total de 2.253.000,00 euros.*

Como consecuencia do acordo anterior, publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un extracto da convocatoria o día 17/03/2025 (BOP núm. 51) e na Base de Datos Nacional de Subvencións con número de identificación: 819848.

Instruído o procedemento de convocatoria a Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, resolveu o procedemento mediante resolución do 17/09/2025 (RES/AYT/16107/2025) con código seguro de verificación CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 na que se aprobada a listaxe que contiña de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

B.- CONTIDO DO ANUNCIO

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local resolveu o 09/12/2025 (RES/AYT/22763/2025) entre outros o seguinte acordo, cuxa parte dispositiva se detalla no anuncio que se indica e identifica a continuación para o coñecemento das persoas solicitantes e interesadas, en cumprimento do establecido nos apartados 12 e 15 da convocatoria que regula estas axudas:

PRIMEIRO.- Acordar a rectificación do erro da data de efectos do cambio de centro no expediente 222/2025/3417, acordado pola Concelleira delegada responsable do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade por resolución do 24/11/2025 (RES/AYT/21380/2025) da persoa incluída no documento con código seguro de verificación (...). A nova data de efectos figura no documento con código seguro de verificación (...) en relación co expediente 222/2025/3417 “RECTIFICACIÓN DATA RES/AYT/21380/2025”.

A listaxe recolle por filas cada unha das solicitudes afectadas pola rectificación aprobada referenciados co número de expediente aos efectos de comunicar o cambio de datos á intervención municipal.

SEGUNDO.- Acordar a modificación dos datos de filiación da persoa beneficiaria do expediente 222/2025/2139 ao ser comunicado cun novo documento de identidade a modificación do apelido 1 e apelido 2. Os novos datos figuran no documento con código seguro de verificación (...), en relación co expediente no que figura na columna “ motivo” a lenda seguinte: “MODIFICACIÓN DATOS”.

A listaxe recolle por filas cada unha das solicitudes afectadas pola rectificación aprobada referenciados co número de expediente aos efectos de comunicar o cambio de datos á intervención municipal.



Concello da Coruña

TERCEIRO.- Aceptar a renuncias presentadas polas persoas beneficiarias de bolsas comedor escolar para o curso escolar 2025/2026 incluída na listaxe con código seguro de verificación (...), para as que figura na columna "motivo" a lenda "RENUNCIA TOTAL" e "RENUNCIA PARCIAL" e declarar concluído o procedemento vinculado á súa solicitude de axuda.

A listaxe recolle os expedientes afectados pola renuncia xunto coa información relativa á concesión, importes, o rexistro no que se presenta a renuncia así como a data na que se producen os efectos.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a intervención municipal para a comunicación dos datos relativos ás renuncias, rectificación na identificación e modificación de importes de concesión a Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas de conformidade co previsto no apartado 14.1 da convocatoria aprobada pola concelleira delegada da Área de Benestar Social de data 12/03/2025. Xunto co anuncio, que se publicará no taboleiro de anuncios e edictos municipal, publicarase a listaxe público de persoas afectadas por estes acordos, que pode consultarse con código seguro de verificación CSV **4M6N 4U2Y 2N5B 5V5P 04KM**.

O anuncio indicará que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que, contra a dita resolución caberá interpoñer de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da recepción desta notificación.
- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses. No caso de que a persoa interesada tivese presentado un recurso de reposición de modo previo, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contarse a partir da notificación da resolución expresa do recurso con carácter xeral. No caso de desestimación presunta a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a un prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

A listaxe que acompaña este acordo recolle por filas, para cada persoa solicitante, os seguintes campos:

DENOMINACIÓN DA COLUMNA	EXPLICACIÓN DO CONTIDO DA COLUMNA
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número de expediente asociado
CENTRO	Centro educativo asociado á bolsa comedor
IMPORTE DA SUBVENCION CONCEDIDA	Importe total curso 2025/2026 tras as modificacións propostas
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO CORRENTE	Importe imputable á anualidade 2025 tras as modificacións propostas
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO SEGUINTE	Importe concedido 2026 atendendo á modificación da concesión por revogación total ou parcial
MENSUALIDADE (SETEMBRO-XUÑO)	Importe final concedido atendendo á modificación da concesión
MOTIVO	Circunstancia que afecta a cada expediente e que motiva a proposta de modificación (Renuncia total ou parcial, cambio de centro, cambio da contía, erro na identificación...)
EFFECTOS	Momento no que se producen os efectos da modificación

C.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO

A información relativa á proposta de aceptación das renuncias, cambios de centro e outras modificacións de axudas concedidas para o pagamento de comedores escolares para o curso 2025/2026, pode consultarse nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gL>

Contra a resolución da Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade á que se refire este anuncio, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse calquera dos seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da recepción desta notificación.



Concello da Coruña

- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses. No caso de que a persoa interesada tivese presentado un recurso de reposición de modo previo, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contarse a partir da notificación da resolución expresa do recurso con carácter xeral. No caso de desestimación presunta a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a un prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar a documentación requirida é dende o día 11 de decembro de 2025 ao 10 de xaneiro de 2026, ambos incluídos.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instrutor,

A xefa de Servizo de Acción Social